


Celebramos o Día Internacional da Muller

1º curso

Para celebrar este día tan importante, na nosa clase fixemos varias actividades. O noso mestre leunos o libro “O País Dos Mandóns”, de Paloma Rodríguez e Cristina Justo. O libro cóntanos unha historia que fala dun país onde uns cantos mandan sobre o resto e non permiten que as nenas, as mamás ou as avoas xoguen, saian ou traballen fóra da casa. Afortunadamente esas normas tan inxustas cambiarán e o país pasará a chamarse “O País Da Igualdade”



Tamén debuxamos mulleres que son importantes para nós. Pensamos e falamos sobre elas, da súa importancia nas nosas vidas.



Por último participamos nunha actividade de conta contos organizada polo Concello de Redondela na que coñecemos a vida de Ernestina Otero, unha importante mestra e pedagoga de Redondela que loitou pola igualdade entre homes e mulleres e na que nos regalaron un libro da súa vida: “Semente de igualdade, semente de liberdade”.

